

Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-1502100 I
correo@carral.es - www.carral.es - <https://sede.carral.es/es>

BASES DO CONCURSO DE DECORACIÓN DE VIVENDAS E COMERCIOS POLO NADAL DE 2025.

Exposición de motivos

Con motivo das festas de Nadal 2025, o Concello de Carral convoca o “*Concurso decoración de vivendas e comercios polo Nadal 2025*”, para fomentar no municipio o ornamento e embelecer as vivendas e comercios con motivo das festas de Nadal para que sirva así de goce de residentes e visitantes e incentivando o mesmo tempo a creatividade da veciñanza dando un ambiente artístico e tradicional e transmitindo o espírito festivo de Nadal.

Primeira.- Obxectivo principal

O obxectivo principal deste concurso é a decoración, con iluminación e motivos de Nadal, das distintas fachadas, balcóns e fiestras e xardíns das vivendas e comercios do Concello de Carral.

Segunda.- Participantes/beneficiarios


Poderán participar no concurso e, por tanto, poderán ser beneficiarios/as nos termos establecidos nestas bases, os propietarios/as ou arrendatarios/as de vivendas ou comercios, maiores de idade, que estean dentro do termo municipal do Concello de Carral, no seu ámbito rural e urbano, e nas que as persoas participantes estean empadroadas.

Os/as participantes deberán cumprir as seguintes condicións:

- Estar ao corrente coas súas obrigas tributarias coas seguintes administracións: Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e co Concello de Carral no momento da concesión, salvo que o pago das devanditas débedas estivesen garantidas, de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Non incorrer nalgunha das circunstancias que se determinan no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións incapacitantes para obter a condición de beneficiario.
- Deben atoparse ao corrente de pago das obrigacións por reintegro de calquera subvención ou premio concedido con anterioridade por este Concello. Non poderán participar no concurso as persoas que formen parte do xurado, así como calquera outra persoa que teña un parentesco en primeiro ou segundo grao con algún membro do xurado.

Terceira.- Condicións de participación

- Só poderá presentarse ao concurso un único proxecto por vivenda.
- As decoracións e adornos teñen que ser típicos de Nadal, así como a composición de elementos e a proposta de ornamentación dos diferentes espazos dos/as participantes.
- Os elementos decorativos colocaranse en fachadas, balcóns, fiestras e xardíns, porta de entrada á vivenda, no exterior ou nos corredores dos andares dos edificios, sen causar ningún tipo de perigo ou dano as persoas e bens, e sen ocupar as vías de circulación.
- Non é posible a ocupación de dominio público. Para elo deberá ter autorización co outorgamento de licenza.



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

- A zona elixida para ser decorada ten que ser totalmente visible dende a vía pública, excepto na categoría de pisos, áticos, dúplex ou apartamentos, que non terá porque selo.
- Os/as participantes en calquera das modalidades serán os/as encargados/as e responsables da seguridade, montaxe, coidado, mantemento e recollida o finalizar estas datas.
- Queda totalmente prohibido o emprego de lume, fachos, velas ou calquera outro elemento pirotécnico na iluminación.
- No caso de que se producise algún tipo de dano do material que forma parte da decoración e iluminación durante o período de exposición, deberá ser substituído ou retirado, baixo a responsabilidade do/a particular que montou a decoración.
- Será motivo de descalificación que calquera concursante mostre no seu balcón ou xanela calquera tipo de publicidade, lema ou similar, salvo na categoría de comercios, no que poderá aparecer o cartel ou rotulo do propio comercio participante.
- As imaxes da decoración e iluminación dos/as participantes no presente concurso serán cedidas ao Concello de Carral co único obxecto de ser difundidas polo mesmo con fins de divulgación a través dos medios dixitais municipais.

Cuarta.- Inscripcións. Lugar e prazo.

Os interesados en participar no concurso de decoración poderán inscribirse dende o día seguinte ao da publicación do extracto destas bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña ata o día 15 de decembro de 2025 inclusive, utilizando a ficha normalizada de participación (Anexo I) cuberta en todos os campos e asinado, xunto co DNI do solicitante e o DNI do representante, de ser o caso.

Non se admitirán as solicitudes presentadas fóra do prazo sinalado no parágrafo anterior.

A solicitude de inscrición (anexo I) pódese descargar en www.carral.es, na sede electrónica municipal <https://sede.carral.es/sxc/gl/> no apartado de subvencións, axudas e premios “*Solicitude de participación no Concurso de decoración de vivendas e comercios polo Nadal 2025*”, na Casa da Cultura (r/ Paleo, nº 17, Carral) ou no Local Interxeracional (r/ Alcalde Juan Seijas, nº 8, baixo).

Unha vez cuberta e asinada a solicitude, xunto coa documentación, poderase presentar a través da sede electrónica do Concello de Carral (<https://sede.carral.es/sxc/gl/>) no apartado “*Solicitude de participación no Concurso decoración de vivendas e comercios polo Nadal 2025*”, no catálogo de trámites dispoñibles ou presencialmente no rexistro municipal.

Os/as participantes deberán enviar catro fotografías e/ou un vídeo que mostre a decoración realizada no domicilio ao enderezo electrónico omix@carral.es, facendo referencia aos datos do/a participante, antes do 18 de decembro de 2025 (incluído).

Quinta.- Procedemento de Concesión

Réxime de Concorrenza competitiva

a.- Órgano competente para a instrución do procedemento.- Será a Concellaría de Cultura, Turismo e Comercio


b.- Órgano competente para resolver o procedemento.- Será a Xunta de Goberno Local do Concello de Carral.

O procedemento de concesión dos premios resolverase nos 3 meses a contar desde a finalización do termo de presentación de solicitudes e a falta de resolución, dentro deste prazo, terá carácter de desestimación.

Contra a resolución de concesión que se dite, que pon fin á vía administrativa, poderá interporse de xeito potestativo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses desde o día seguinte ao de publicación da mesma no taboleiro electrónico do Concello.

Sexta.- Obrigas e responsabilidades

Deberanse respectar as normas para a montaxe.



O/a solicitante deberá responsabilizarse do cumprimento das normas establecidas en canto á seguridade.

En todo caso, o Concello de Carral queda exonerado das responsabilidades derivadas dos danos materiais, físicos ou de calquera outra natureza que se poidan producir a terceiros con motivo dos traballos de instalación, montaxe e desmonte.

A inscrición no concurso implica a autorización a tomar fotografías e gravacións por medios audiovisuais as cales poden ser difundidas en publicacións locais, rexionais ou nacionais. A participación no concurso supón a aceptación total destas bases.

O incumprimento dalgunha das bases levará implícita a descualificación no concurso.

A interpretación das bases correspóndelle ao departamento Cultura, Turismo e Comercio.

Sétima.-Tramitación anticipada.

Esta convocatoria acóllese ao procedemento de tramitación anticipada, de acordo co artigo 56 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo), polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

O importe total máximo dos premios será de 705 euros con cargo a aplicación orzamentaria 432 48001

Oitava.- Instrución do procedemento

O procedemento de instrución e resolución levarase a cabo no departamento de Cultura, Turismo e Comercio nos termos que se regulan nos artigos 23 a 27 da Lei xeral de subvencións.

Novena.- Criterios de Valoración

O requisito imprescindible é que os adornos teñan iluminación, e representen adornos propios das festas de Nadal.

O xurado valorará aos participantes pola súa creatividade, en base aos criterios de composición e deseño, tendo en conta, ademais, a orixinalidade e a elaboración propia.

Do mesmo xeito, valorarase a utilización da iluminación como foco de atracción e o uso de materiais de refugallo.

As decoracións das vivendas serán valoradas por cada un dos membros do xurado cunha puntuación máxima de 10 puntos.

O fallo do xurado será inapelable e decidirá sobre calquera dúbida que se expoña.

Os premios poderán ser declarados desertos no caso de que o xurado considere que os participantes non alcancen un mínimo de calidade ou de que a cantidade de participantes sexa insuficiente para o desenvolvemento do concurso.

Décima.- Xurado

O xurado estará composto por tres membros:

- A concelleira de Cultura, Turismo e Comercio. Suplente: concelleira de Sanidade, Educación e Emprego
- Dos representantes da concellería de Cultura. Suplentes: un representante da concellería de Deportes e un representante da concellería de educación.

Décimo primeira.- Categorías e premios

Establécense 3 categorías:

- Categoría casas. Fachadas e xardíns de vivendas unifamiliares.
- Categoría apartamentos, pisos, áticos, duplex. Fachadas, balcóns, porta da entrada á vivenda pola parte exterior ou nos corredores do andar do edificio.
- Categoría comercios. Escaparates e interior do comercio.

Para cada unha das categorías haberá tres premios:



- 1º Premio: cesta con produtos de Nadal valorada en 95 €.
 - 2º Premio: cesta con produtos de Nadal valorada en 80 €.
 - 3º Premio: cesta con produtos de Nadal valorada en 60 €.
- Total: 705 euros

Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-15021001
correo@carral.es - www.carral.es - <https://sede.carral.es/es>

Os premios estarán suxeitos á retención fiscal que corresponda de conformidade coa lexislación vixente.
Un mesmo participante non poderá obter máis dun premio.

Décimo segunda.- Publicidade

Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, mediante o extracto remitido pola Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e na páxina web municipal do Concello Carral. Todas as publicacións posteriores á publicación destas bases faranse na páxina web municipal.

A resolución do procedemento publicarase no taboleiro de electrónico do Concello e se lle comunicará os/as gañadores/as a través de chamada ou correo electrónico.

Décimo terceira.- Aceptación das bases e autorización en canto á protección de datos

A presentación de candidatura ao premio, implica a aceptación total destas bases.

Os/as participantes na convocatoria, ao presentaren directamente a súa candidatura ou ao aceptaren a presentación por parte de terceiros/as, autorizan expresamente ao Concello de Carral ao uso da imaxe e dos datos achegados para os efectos de publicidade deste premio.

O Concello de Carral resérvase o dereito de modificar estas bases, así como os diferentes premios establecidos.

De conformidade co Regulamento xeral de protección de datos 2016/679 do Parlamento Europeo do 27 de abril de 2016, e da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais obtidos serán incorporados a un ficheiro responsabilidade do Concello de Carral cuxa finalidade é a xestión do presente premio.

Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación do tratamento ou calquera outro establecido na normativa vixente mediante un escrito dirixido ao Concello de Carral.

Para os efectos da salvagarda do dereito dos/as participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantidos dereitos dixitais, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao rexistros públicos de subvencións, nos seguintes termos:


– En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación dos/as beneficiarios/as serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

– Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Décimo cuarta.- Pagamento e Reintegro dos Premios

Os premios serán obxecto de retención fiscal de acordo co estipulado na lexislación vixente.

Os premios serán entregados nun acto que se realizará o luns 22 de decembro de 2025 no salón de plenos do Concello de Carral, as 20:00 h.



Décimo quinta.- Confidencialidade

Toda a documentación achegada polos/as participantes neste concurso será considerada confidencial polo persoal do Concello e polas persoas que formen parte do Xurado, que teñan acceso a aquelas durante o proceso de recepción, avaliación e selección de propostas.

Prado Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-1502100 I
correo@carral.es - www.carral.es - <https://sede.carral.es/es>

Décimo sexta.- Órgano de control

Os/as beneficiarios/as dos premios concedidos polo Concello quedarán obrigados/as a someterse aos procedementos de controis ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas e calquera outros órganos de control interno ou externo, nacional ou europeo.

DISPOSICIÓN FINAL

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

SOLICITUDE PARTICIPACIÓN “CONCURSO DE DECORACIÓN DE VIVENDA E COMERCIOS POLO NADAL 2025”


correo@carral.es - www.carral.es - https://sede.carral.es/es

Solicitante					
DNI-NIF/NIE		Nome e apelidos/Razón social			
Correo electrónico			Teléfono		
Representante (de ser o caso)					
DNI-NIF/NIE		Nome e apelidos			
Correo electrónico			Teléfono		
Vivenda ou comercio co que se concursa					
Rúa/Lugar		Núm.	Escaleira	Planta	Porta
Parroquia					
Categoría (marcar cun X na que participa)					
Casas		Pisos		Comercios	

Solicito a miña participación no “**Concurso decoración de vivendas e comercios polo Nadal 2025**” organizado polo Concello de Carral.

Declaro de xeito responsable:

- 1º.- Que acepto as bases do concurso na súa integridade e que cumpro os requisitos para participar no concurso.
- 2º.- Que non me atopo incurso/o en ningunha causa de incompatibilidade ou prohibición para ser beneficiario/a de subvencións das Administracións Públicas, comprometéndome a manter esta situación ata a completa resolución do expediente.
- 3º.- Que me atopo ao corrente no cumprimento das miñas obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma de Galicia, co Concello de Carral e coa Seguridade Social, comprometéndome a manter esta situación ata a completa resolución do expediente.
- 4º.- Que autorizo ao concello de Carral a comprobar a veracidade da declaración de non ter débedas co Concello.
- 5º.- Que me someto ás actuacións de comprobación e achega da documentación que o Concello de Carral poida acordar.
- 6º.- Que a vivenda e comercios atópanse localizados no municipio de Carral e o/a participante empadroado/a no mesmo



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-1502100 I
correo@carral.es - www.carral.es - <https://sede.carral.es/es>

Documentación

A achegar polo interesado:

- ☐ DNI-NIF/NIE do solicitante.
- ☐ DNI-NIF/NIE da persoa representante, se procede.

☐ **PRESTO O MEU CONSENTIMENTO** para a reutilización polo Concello dos documentos achegados nesta solicitude.


☐ **NON PRESTO O MEU CONSENTIMENTO** para que os datos ou documentos necesarios para o trámite desta solicitude sexan obtidos mediante consulta a outras administracións.

O asinante declara, baixo a súa responsabilidade, que todos os datos que se achegan son reais e que coñece e acepta cumprir as bases do concurso.

Data da solicitude,

Sinatura

Coa sinatura desta solicitude autorizo que o Concello de Carral realice o tratamento dos datos persoais declarados coa finalidade de xestionar o procedemento derivado dela. A lexitimación vén atribuída polo consentimento da persoa interesada e polas competencias municipais establecidas na normativa de aplicación. Conservarase o tempo necesario para resolver o expediente e as responsabilidades derivadas. As persoas destinatarias serán os departamentos municipais, as empresas concesionarias ou outras administracións públicas con competencias na tramitación do expediente. Poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, limitación do tratamento ou calquera outro establecido na normativa vixente ante quen sexa responsable do tratamento e consultar información adicional en www.carral.es



Moi leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Praza Campo da Feira, nº 1 - 15175 - A Coruña / Tel. 981 670 002 – Fax 981 672 282 - C.I.F.: P-1502100 I
correo@carral.es - www.carral.es - <https://sede.carral.es/es>

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CARRAL

Logo de ver a providencia da alcaldía asinada dixitalmente en data 21 de novembro de 2025.

Previa fiscalización da intervención municipal, para a aprobación de ditas bases reguladoras, que se enmarcan dentro do “Plan estratéxico de subvencións 2023 a 2026 do Concello de Carral” aprobado en sesión plenaria de data 24/10/2023 e publicado no BOP nº 213 de 8 de novembro de 2023.

Pola presente, propónse á xunta de goberno local que adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases da convocatoria do “Concurso de decoración de vivendas e comercios polo Nadal 2025” para fomentar no municipio o ornamento e embelecemento das vivendas e comercios con motivo das festas de Nadal para que sirva así de goce de residentes e visitantes e incentivando ó mesmo tempo a creatividade da veciñanza dando un ambiente artístico e tradicional e transmitindo o espírito festivo de Nadal.

SEGUNDO.- Publicar as bases aprobadas do “Concurso de decoración de vivendas e comercios polo Nadal 2025” no boletín oficial da provincia e serán remitidas á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e publicarase extracto de ditas bases na páxina web municipal do Concello Carral. Todas as publicacións posteriores á publicación destas bases faranse na páxina web municipal.

TERCEIRO.- Continuar coa tramitación do expediente

Carral, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe

O Alcalde

José Luís Fernández Mouriño